

# Guarai Mbyá

## A FALA DO CACIQUE.

DVD, 21 min, 2007, Portugués.

Cando se fala en pobos indíxenas no Brasil, xeralmente as persoas se remiten soamente á Amazonía. Mais isto non é correcto, porque hai pobos indíxenas en todo o Brasil, en todos os ecosistemas brasileiros. Inclusive, na rexión Sueste do Brasil, onde están localizadas cidades como Río de Xaneiro e São Paulo que tamén posúen pobos indíxenas: os Guarani Mbyá!

Os Guarani Mbyá son tradicionalmente nómades e viven na rexión da Mata Atlántica. Nos últimos 30 anos, o Goberno Brasileiro construíu 2 fábricas nucleares (Angra 1 e Angra 2) en seu territorio tradicional ao sur do Río de Xaneiro, sen comunicar aos Guarani Mbyá. E agora, en 2008, o Goberno está construíndo outra fábrica nuclear (Angra 3) neste mesmo lugar. Este documental mostra a Aldea Guarani Mbyá, chamada Sapukai, situada próxima ás fábricas nucleares brasileiras. O centro do filme é a fala precisa do Cacique Guarani Mbyá Verá Mirim, 94 anos, sobre a súa aldea, ecoloxía e enerxía nuclear. Este documental dá voz aos pobos indíxenas esquecidos do Brasil, como os Guarani Mbyá.

Enlace para visualizar documental *on line*:

<http://www.cinema.nl/nps-new-arrivals/media/3930132/a-fala-do-cacique-the-speech-of-the-chief-van-marcia-gomes-de-oliveira-suchanek-en-norbert-g-suchanek>

## MAMANGUÁ. DE ONDE VOCÊ É

DVD, 39 min, 2008, Portugués.

A Mata Atlántica é o territorio sagrado Guarani Mbya. Eles son un dos últimos pobos nómades da Mata Atlántica. Foron un dos primeiros pobos contactado polos colonizadores hai 500 anos atrás. Mais eles sobreviviran.

Tradicionalmente os soños dirixen súas vidas e seus movementos. En 2004, o Cacique Roque Benites tivo un soño. El soñou retornar a unha terra de seus ancestrais. Esta terra é Mamanguá. Durante a explotación colonial, ela serviu para a plantación de cana de azucre. Agora, o Cacique Roque Benites e Santos Karay Tataendy loitan xuntos para a súa delimitación. Este documental presenta como Roque e Santos retornaran ao bosque de seus ancestrais para re-establecer súa tradicional harmonía coa natureza. Mamanguá, localizada en Parati, ao sur do Estado do Río de Xaneiro, significa en Guarani: "De onde você é".



## Realizadores:

**Marcia Gomes de Oliveira Suchanek**, científica e socióloga brasileira que traballa con pobos indíxenas no Brasil dende 1989.

**Norbet Suchanek**, xornalista ambiental alemán que traballa dende 1987 sobre dereitos humanos e pobos indíxenas, e actualmente tamén coa ONG alemá Rettet den Regenwald

<http://www.apdr.info/principal.htm>